



Países
participantes
2022



Competencia
principal:
MATEMÁTICAS!



Competencia
innovadora:
**PENSAMIENTO
CREATIVO!**

Programa Internacional para a Avaliación do Alumnado

Programme for International Student Assessment

Que é PISA?

Que é importante que os cidadáns e cidadás coñezan e saiban facer? Esta é unha pregunta que subxace no estudo trienal dirixido ao alumnado de 15 anos de todo o mundo, o Programa Internacional para a Avaliación do Alumnado (PISA). PISA avalía en que medida o alumnado que está a piques de acabar a súa educación obrigatoria adquiriu os coñecementos e capacidades esenciais para a súa plena participación na sociedade actual.

Desde o ano 2000, PISA avalía o alumnado nas materias consideradas troncais: lectura, matemáticas e ciencias. Esta proba tamén recolle información sobre o propio alumnado e o seu profesorado indagando en cuestións fundamentais como as súas experiencias escolares, as súas contornas de aprendizaxe ou o seu futuro académico e profesional. Igualmente, solicítaselle información aos equipos directivos dos centros escolares para poder identificar os factores que inflúen no rendemento do alumnado.

A nova edición de PISA, cuxo traballo de campo realizarase na primavera de 2022, centrarase na avaliación da competencia matemática como materia principal e a comprensión lectora e científica como secundarias. A competencia innovadora será nesta ocasión o pensamento creativo. Neste estudo mídese a evolución do coñecemento e as habilidades do alumnado nun contexto de proliferación das tecnoloxías da información e a comunicación e a súa capacidade para responder ás demandas dun mundo en constante cambio, onde a innovación e a creatividade son elementos clave para a adaptación.



Escanea o código QR!

Queres máis información?



PISA mostra que as melloras en educación dependen do esforzo cooperativo de alumnado, profesorado, centros, familias, gobernos e a sociedade en xeral

